



XUNTA
DE GALICIA



DEPUTACIÓN
DE LUGO



VICEPRESIDENCIA



OPEN INTERNACIONAL DE
XADREZ
FUXAN OS VENTOS

LUGO 2026
DO 13 AO 19 DE XULLO

6750 €
EN PREMIOS



ELPROGRESO

1 Organización e contacto

Organiza a **Escola Luguesa de Xadrez**

A dirección técnica estará formada por:

- Director do torneo: OI Pablo Castro Girona
- Árbitro principal: AI Oscar B. de Prado Rodríguez
- Árbitros adxuntos: AN Diego Flórez Rodríguez e aqueles que designe a organización.

Páxina web: <https://openajedrezfuxanosventoslugo.com/>

Email: fuxal2026@gmail.com

2 Datos, horarios e local de xogo

Presentación: Luns 13/07 ás 16:40 h.

1.ª rolda: Luns 13/07 ás 17:00 h.

2.ª rolda: Martes 14/07 ás 10:00 h.

3.ª rolda: Martes 14/07 ás 17:00 h.

4.ª rolda: Mércores 15/07 ás 17:00 h.

5.ª rolda: Xoves 16/07 ás 10:00 h.

6.ª rolda: Xoves 16/07 ás 17:00 h.

7.ª rolda: Venres 17/07 ás 17:00 h.

8.ª rolda: Sábado 18/07 ás 17:00 h.

9.ª rolda: Domingo 19/07 ás 09:30 h.

Clausura e entrega de premios: Domingo 19/07 ás 14:00 h

Local de xogo: **Auditorio Fuxan os Ventos**, Rúa Madanela, 27002 Lugo

3 Sistema e regras de xogo, tempo espera

- Sistema suízo a 9 roldas. Cada xogador disporá de 90 minutos con un incremento de 30 segundos dende a primeira xogada.
- Os emparellamentos levaranse a cabo con un programa informático. Non se aceptarán reclamacións salvo erros na introdución de resultados antes da seguinte rolda.
- Tempo de espera de 30 minutos dende o inicio da rolda. Calquera xogador que non se presente a xogar sen motivo xustificicado será eliminado do torneo.
- Para calquera aspecto non especificado nestas bases, aplicaranse os regulamentos da FIDE.

4 Descansos (byes)

- Poderanse solicitar ata 3 byes de ½ punto ata a 6ª rolda incluída. Os byes das rondas 7,8 e 9 serán de 0 puntos.
 - O bye para a primeira rolda debe solicitarse por correo electrónico (con confirmación de lectura) antes da data límite de inscrición (10/07) en fuxal2026@gmail.com
- Os byes para as roldas posteriores deben solicitarse antes do final da rolda en xogo.

5 Participación

- Poderán participar os xogadores que dispoñan de licencia en vigor en 2026.
- Os xogadores con bandeira FIDE diferente a ESP deben ter código FIDE. Se non o teñen, será a súa responsabilidade obtelo da súa federación nacional antes do comezo do torneo.
- Este torneo é válido para Elo FIDE clásico e para normas internacionais.

6 Desempates

1º Bucholz – 1 (BH-C1)

2º Bucholz Total (BH)

3º ELO medio dos rivais

(ARO-C1)

4º Encontro Directo (DE)

5º Roldas que un mesmo elixe xogar

(REP)

6º Sorteio

Nas partidas non disputadas aplicarase a modalidade FIDE Bakú 2023 tanto para o cálculo dos rivais como o do propio xogador.

Para xogadores sen Elo considérase un Elo de 1400.

7 Inscripcións e cuotas

Inscripcións e pagos a través do enlace de Cluber:

<https://app.cluber.es/legacy/clubes/672b868ddfb25402054694/pagos/69cd670f8245c773423414>

Data límite o Venres 10 de Xullo. Máis información en: fulax2026@gmail.com

Cotas antes do 13/06	
Xeral	45€
Xogadores da E.L.X.	40€
Sub-16 e veteranos (+55)	40€
GM, MI, WGM, WMI e +2400 Elo	0€
MF e WMF	20€
Cotas do 13/06 ata o 10/07	
Xeral	50€
Xogadores da E.L.X.	45€
Sub-16 e veteranos (+55)	45€
GM, MI, WGM, WMI e +2400 Elo	0€
MF e WMF	25€

8 Premios: 6750 €

XERAIS		ESPECIAIS	
1º	1500,00 €	1º Sub 2000	150,00 €
2º	1200,00 €	2º Sub 2000	100,00 €
3º	900,00 €		
4º	750,00 €	1º Sub 1800	150,00 €
5º	600,00 €	2º Sub 1800	100,00 €
6º	500,00 €		
7º	400,00 €		
8º	200,00 €		
9º	100,00 €		
10º	100,00 €		

- Aos premios aplicaráselle as retencións fiscais correspondentes segundo a lexislación vixente.
- É obrigatoria a presenza na cerimonia de clausura para recoller o premio.
- Os premios non son acumulables e se repartirán por estrita orde de clasificación.
- En caso de optar a dous ou máis, obterase o de maior importe e, en caso de empate, seguirase a orde xeral das bases.
- Para a categoría de tramos de Elo, aplicarase o Elo que establece a orde inicial.

9 Aloxamento

- Oferta de aloxamento:
- Habitación individual totalmente equipada, con baño privado na Residencia Universitaria Jesús Bal & Gay (Estrada de A Granxa, 130 – Campus Universitario de Lugo)
- Prezo: 6 noites 185€
- Prazas limitadas, por estrita orde de reserva
- Reservas no email fuxal2026@gmail.com ou por WhatsApp no teléfono 657 974 937

10 Actividades Complementarias

Ruta cultural e gastronómica por Lugo:

O sábado ás 11:00 realizarase unha visita polo centro histórico de Lugo, combinando patrimonio, historia e gastronomía local.

- **11:00** Museo Provincial: mosaicos romanos, arte galega e pezas arqueolóxicas (≈1h).
- **12:15** Centro de Interpretación da Muralla: percorrido breve sobre a historia da muralla (30 min).
- **13:00** Paseo pola Muralla Romana: percorrido a pé coa zona da catedral.
- **14:00** Catedral de Lugo: parada breve ou entrada opcional.
- **14:15** Zona de viños: tapeo na Rúa Nova e arredores.

Torneo nocturno de rápidas:

Torneo de xadrez a ritmo rápido (5'+3'') o venres ás 22:00 no bar Bora Bora.

Cota de inscrición: 5€

Premios orientativos: 50% 🏆 — 30% 🏆 — 20% 🏆

Inscrición por WhatsApp ao **+34 722 22 94 13 (Adán)** indicando nome e “Torneo nocturno de rápidas”.

Torneo de fútbol sala:

Torneo de fútbol sala 5 vs 5 + 1 suplente, aberto a equipos completos ou individuais (equipos equilibrados).

Garantidos 4 a 6 partidos por equipo.

Horarios: mañá do mércores, do venres e do sábado.

Requisitos: mínimo 24 xogadores.

Máximo de 64 participantes por orde de inscrición.

11 Aceptación e dereitos de imaxen

- Os xogadores inscritos autorizan á organización do torneo a difusión de información e o uso de imaxes ou do nome do equipo en medios de comunicación ou en anuncios e informes do torneo, sempre que non perxudique o seu honor ou reputación nin sexa contrario aos seus intereses, e sempre dentro do marco legal establecido no Código Civil, a Lei de Axuízamento Civil e a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

- A inscrición neste torneo implica a aceptación das bases do mesmo, así como a autorización expresa e voluntaria á Escola Luguesa de Xadrez para utilizar gratuitamente os vídeos, imaxes e audios nos que participen, incluídos aqueles proporcionados pola mesma, para a súa publicación na páxina web, redes sociais e outras publicacións impresas e dixitais, co fin de dar maior visibilidade e difusión á actividade da organización.

Dita autorización refírese a todos os usos que poidan ter os vídeos, imaxes e audios nos que aparezan, utilizando os medios técnicos coñecidos actualmente e nos que se desenvolvan no futuro, e para calquera aplicación, coa única excepción de aqueles usos que puideran vulnerar o dereito ao honor nos termos previstos na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio.

A autorización non establece prazo algún para o seu outorgamento nin para a explotación na que figure, polo que se considera concedida por tempo indefinido. Esta autorización poderá ser revocada en calquera momento polo interesado, coa excepción das accións ou campañas en curso, que deberán completarse para que á revocación surta efecto, e non terá carácter retroactivo.

- A Organización resérvase o dereito a modificar as Bases do torneo sen outra obriga que publicalas na súa Páxina Web: <https://openajedrezfuxanosventoslugo.com/> ou no taboleiro de anuncios do torneo.

